

O PAPEL DA XEOGRAFÍA HUMANA NA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Xosé Santos

Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Parece obvio que o paso previo e necesario que hai que dar antes de iniciar este traballo consiste en definir os dous conceptos fundamentais que aparecen no seu encabezamento, é dicir, xeografía humana e planificación lingüística, para pasar a continuación a establecer as relacións existentes entre eles e as que serían desexables para que se producise un enriquecemento positivo entre ambas as dúas.

Afortunadamente non resulta nada doado definir a xeografía humana. E consideramos que isto é bo porque significa que estamos ante unha disciplina dinámica, en constante evolución e adaptación dos seus contidos ás necesidades de cada momento histórico, facendo así certa a sentenza de que “a xeografía significou cousas diferentes para diferentes persoas en contextos diferentes” (Livingstone 1992, 347). Segundo nos refiren os dicionarios sería a “Parte da xeografía que estudia a diferenciación da paisaxe cultural así como as relacións do home (*i.e. ser humano*) co medio” (Diccionario Anaya, 1986), aínda que é certo que hai algúns que non se atreven a concretar o termo, como fai o Diccionario de Alianza (1987), que pasa por ser o mellor dos que circulan actualmente polos departamentos de xeografía.

Un autor tan clásico (para a xeografía) como Gourou sinala que “O obxectivo primordial da xeografía humana constitúeo todo aquilo que na paisaxe está unido á intervención do home (*i.e. ser humano*)” (1984, 11). Ben diferente é a postura de Bailly e Beguin quen se preguntan se o papel do xeógrafo “non é o de producir coñecementos útiles que expliquen o comportamento humano no espacio e o de analizar as súas consecuencias” (1992, 13). Pola súa banda Sánchez asume a xeografía humana “como ciencia da compoñente espacial das relacións sociais ou, se se prefire, da actuación en e sobre o espacio das sociedades” (1991, xi), mentres que Puyol, Estébanez e Méndez din que se ocupa do “estudio do espacio humanizado” (1988, 10).

Poderíamos poñer moitos máis exemplos de autores que tratan de definir a xeografía humana e poucos serían os que coincidirían plenamente. A carón deste termo e intimamente relacionado con el está o de espacio. Bailly e Beguin (1992) constatan a dificultade que hai para concretar o seu contido. En referencia a Blaut, eles falan dun espacio absoluto, que é un espacio continente feito de puntos e distancias e que serve unicamente para responder a pregunta de ónde, e un espacio relativo que ten continente e contido, é dicir, substancia; ademais fan referencia ós espacios percibido e vivido.

En calquera caso, o que parece ben claro na actualidade é que a xeografía xa non é esa disciplina corográfica e de síntese que ten como única misión a descrición da superficie terrestre; a paisaxe e os elementos visibles (o espacio visto) que a conforman forman parte xa das achegas pasadas da xeografía. A renovación neopositivista dos anos 1960 marxina a paisaxe convertendo a xeografía nunha ciencia espacial. A concepción do espacio pasa a ser xeométrica e serve para explicar as súas teorías de localización e as leis xerais dos procesos espaciais. A xeografía aparece como a disciplina das regularidades espaciais.

A reacción antipositivista supuxo unha nova concepción do espacio por parte da xeografía. Para a perspectiva marxista o espacio non é neutro senón que é un produto social de maneira que a organización do espacio unicamente reflicte a estrutura da sociedade. Non obstante, a propia corrente radical marxista evolucionou na súa categorización do espacio no sentido de darlle o contido que se lle negaba no primeiro momento. E así chegan á conclusión de que o espacio non é simplemente onde teñen lugar os diferentes conflitos sociais, senón que tamén é unha variable importante á hora de explicar eses procesos sociais.

Pola súa parte a xeografía humanística recupera parte dos postulados da corrente rexional-paisaxística e introduce con forza conceptos que xa desenvolveran os partidarios da xeografía comportamental. Agora o espacio adquire un carácter máis persoal, trátase dun espacio vivido, dun espacio mental; é, polo tanto, máis indefinido aínda que se concretiza no lugar. Noutras palabras, hai unha relativización maior do espacio que se converte nun termo moi vencellado á experiencia de cada individuo. Finalmente, o posmodernismo propón unha análise nova da organización espacial do mundo, rexeitando as grandes teorías e enalzando o efémero e a alteridade, insistindo en que as relacións socioespaciais e espacio-temporais adquiren unha nova dimensión gracias ó desenvolvemento da informática e das telecomunicacións.

En definitiva, temos que a xeografía humana, e o concepto de espacio a ela ligada, ten evolucionado notablemente e, en calquera caso, está lonxe de ser o simple espacio absoluto composto unicamente polas distancias. Tampouco ten por que ser concreto e ben definido, e, por suposto, non é neutro. Todo isto fai que a xeografía sexa unha ciencia moito máis complexa e rica do que se cre. O espacio como produto social, como imaxe mental e persoal e como dominio no que teñen lugar os distintos fenómenos económicos, culturais e sociais, debe ser tido en conta, nas súas diferentes concepcións, á

hora de analizar os procesos que afectan ós seres humanos (e agora tamén non humanos). A xeografía humana é a máis preparada para colaborar nesta tarefa coas outras disciplinas.

O segundo concepto ó que se refire o título deste traballo é o de *planificación lingüística*. Estas dúas palabras teñen un significado variado e complexo que foi tratado por un importante número de especialistas. Sen embargo debido á miña condición de xeógrafo vou procurar ser moi sintético ó achegar unicamente definicións de autores amplamente recoñecidos. Segundo Wardhaugh (1992) “A planificación lingüística é un intento de intervir deliberadamente no desenvolvemento dunha lingua ou dunha das súas variedades” (392). Pola súa banda, Ninyoles (1991) considéraa “unha actividade organizada e sancionada pola autoridade pública a través dunha estrutura de programas e proxectos coordinados a nivel macrosociolingüístico” e “Presupón o esforzo por conducir o desenvolvemento dunha lingua na dirección desexada” (111). Finalmente, Rotaetxe (1988) denomina así “as distintas formas de intervención consciente sobre unha lingua” (152).

A partir destas definicións poderíase entrar en discusións máis detalladas sobre os tipos e as ideoloxías dominantes na planificación. En calquera caso obsérvase claramente que estamos ante unha acción de tipo político que supón unhas tomas de decisións que poden ir en direccións moi diferentes. A xeografía tampouco é unha ciencia neutra, igual que non o é o espacio, e por iso a súa utilización vai a axudar a orientar no sentido desexado a planificación. A función que se lle debería atribuír á nosa disciplina reside na súa capacidade de analizar o espacio humanizado tendo en conta que a lingua é un elemento cultural que ten unha evidente dinámica espacial. De obviar este feito, que implica manter unha concepción estática e de simple soporte do espacio, o fracaso da planificación en casos como o galego está asegurado.

A EVOLUCIÓN DA XEOGRAFÍA E A SÚA ESCASA PREOCUPACIÓN POLA LINGUA

A pesar da necesidade de manter contactos, tradicionalmente as relacións entre xeografía e lingua foron máis ben cativas limitándose a maior parte das veces a cartografar a súa distribución espacial como calquera outro feito cultural susceptible de ser expresado en mapas. Segundo Zelinsky e Williams (1988) as causas desta lamentable separación residen na marxinação por parte da xeografía de todo aquilo que non é visible na paisaxe; pero tamén a escaseza de fontes de información é outra causa xustificativa importante. En calquera caso, insisten en que non se pode seguir a prescindir da lingua como tema de análise xeográfica posto que doutro xeito non poderíamos entender as relacións sociais e as súas variacións espaciais.

Sen embargo, hai que destacar que as relacións entre xeografía e lingua son antigas como o demostra o feito de que xa no II Congreso Internacional de Xeografía de Venecia

de 1881 houbo unha sección (repetida logo en varios congresos máis) chamada *Antropoxeografía, Etnoloxía e Lingüística*. Segundo indica Capel “A curiosa asociación entre xeografía e filoloxía... explícase polo interese que existía polos problemas de nomenclatura” (1981, 213); para este autor unha das principais motivacións destas reunións científicas do século XIX era a necesidade de unificar a terminoloxía; a unificación e explicación da toponimia era daquela unha cuestión importante. Ademais logrou sobrevivir bastante no tempo como o demostra que sexa o único tema que ten algunha relación coa lingua que aparece reflectido na revista española de xeografía máis significativa: *Estudios Geográficos* (en total, e dende a súa fundación en 1940, son 21 artigos).

De todos os xeitos, e a pesar dese interese pola nomenclatura en xeral e pola toponimia en particular, non hai que esquecer que nese tempo (que coincide, máis ou menos, coa institucionalización da disciplina) hai, con moita frecuencia, unha identificación entre xeografía e antropoloxía. Baste lembrar que “A xeografía humana empezou a definirse como unha rama científica máis na tradición da etnografía que na tradición das descrições humanas rexionais” (Capel 1981, 279). De feito, parte da obra do que é considerado o pai da xeografía humana, o alemán Ratzel, é tamén destacada como lectura clásica da antropoloxía. Na súa *Anthropogeographie* deixa constancia das distintas razas e pobos que forman a humanidade, representando mediante mapas lingüísticos, políticos, etc. a difusión dos diferentes trazos que a conforman (Ratzel 1885).

Para a corrente rexional-paisaxística, que dende principios de século e durante bastante décadas dominou o panorama da xeografía, a importancia da lingua residía no feito de que contribuía a diferenciar unhas rexións doutras e polo tanto era un argumento máis para destacar o carácter ideográfico da nosa disciplina. De todos os xeitos, dentro da síntese rexional, materializada en numerosas monografías rexionais, o que interesa salienta son os xéneros de vida particulares de cada rexión, que xorden da interacción entre o ser humano e o seu medio específico e que teñen a súa expresión na paisaxe visible. Esta última vai ser, xa que logo, o obxecto principal de estudo. En consecuencia, a lingua vai quedar excluída de moitos destes traballos posto que o que interesa son os fenómenos humanos e a súa influencia recíproca coa natureza o que daba un carácter demasiado morfolóxico. Non obstante, estas tendencias iniciais foron modificándose e enriquecéndose coa inclusión, por exemplo, de aspectos culturais que tiveron un grande desenvolvemento a partir das achegas de Sauer e máis tarde de Sorre para quen a paisaxe *é a expresión concreta dunha civilización*.

As achegas concretas desta escola na relación entre xeografía e lingua foron máis ben escasas e poucas veces se facían referencias a ela. No mellor dos casos pequenos apartados nos que sempre figuraba un mapa das linguas do mundo, destacando, polo tanto, a súa distribución e clasificación. Noutras ocasións a lingua servía para definir (máis ben confirmar) os límites das rexións, tal e como fixo Torres Luna (1971) co éuscaro para delimitar a fronteira sudoriental da Navarra húmida do noroeste. En calquera caso, non se poden desprezar as súas contribucións, sobre todo tendo en conta que

algúns dos seus grandes mestres fixeron referencia á importancia das conexións entre a xeografía e a lingüística. É o caso de Sorre quen na súa monumental obra de catro tomos *Les fondements de la géographie humaine* (1948), e dentro do capítulo “Algúns elementos esenciais das técnicas sociais”, dedica un apartado relativamente amplo á lingua, aplicándolle a súa perspectiva ecolóxica.

A chegada do neopositivismo á xeografía humana durante os anos 1960 non supuxo cambios substanciais ó respecto do tratamento das linguas. A atención sobre os temas locacionais e da linguaxe matemática marxinou o concepto de paisaxe e puxo na vangarda outras preocupacións máis vencelladas co desenvolvemento económico dos países occidentais: o transporte, a industria ou a cidade no espacio foron temas que pasaron a un primeiro plano. Por suposto, non houbo unha ignorancia completa cara á lingüística e así, por exemplo, Haggett, un dos autores emblemáticos desta corrente, no seu manual *Geografía. Una síntesis moderna* (1988), e no capítulo dedicado á cultura, préstalle atención á lingua, aínda que non fai achegas substanciais. Quizais o máis significativo sexa o recurso ás fórmulas matemáticas para constatar o papel da lingua como filtro da interacción espacial.

A reacción antipositivista supuxo para a xeografía humana un cambio importante tanto no concepto como no obxecto. A preocupación polas cuestións sociais vai pasar agora a ser central na análise xeográfica. Sen embargo iso non significou unha maior atención cara á xeolingüística. É certo que empezaron a sobresaír determinados autores que se especializaron nesta subdisciplina e que outros consideraron a lingua como unha variable socioespacial moi importante nos procesos culturais, políticos e económicos, pero en ningún caso podemos chegar a falar da creación dunha rama cun contido ben definido dentro da xeografía humana. Entre estes xeógrafos, sen dúbida, habería que destacar a Tuan (1991) quen tratou de definir a transcendencia da linguaxe para a xeografía humana dende unha perspectiva humanística.

Finalmente, o posmodernismo concédelle unha importancia singular á linguaxe e así, nunha postura moi próxima á de Tuan, existe unha preocupación crecente polos problemas da linguaxe e das formas de expresión e de representación do mundo; téñase en conta que agora a deconstrución vai ser un concepto fundamental e que este é ante todo unha técnica para a análise de textos que foi introducida no ano 1967 por Derrida. Nun interesante artigo Marston (1989) sinala que “A atención recente á linguaxe en xeografía e nas ciencias sociais representa un intento de amosar como a especificidade do contexto inflúe sobre a linguaxe que a súa vez inflúe sobre o resultado de varios tipos de loitas” (53); di esta autora que a linguaxe é unha importante forza social que pode ser usada para manipular, considerando a linguaxe “como algo producido e consumido por grupos sociais en lugares concretos” (59). Disto decatáronse algunhas feministas quen a través dunha análise dende a perspectiva da xeografía do xénero evidencian como a linguaxe é outra arma utilizada polo patriarcado para perpetuar o dominio do home sobre a muller. Pola súa banda, para Coscuella (1994) unha das tres liñas de estudio aplicado que

deixou o pouso posmoderno na xeografía foi a atención pola linguaxe: “o interese centrouse en análises textuais e deconstructivas, tanto das categorías de análise e discursos empregados na representación das relacións socioespaciais, como da cousificación de abstraccións” (40); o uso de metáforas e de imaxes é outro dos puntos de atención. En definitiva, o posmodernismo insiste na relatividade da representación e da linguaxe e na dimensión discursiva da xeografía.

XEOGRAFÍA HUMANA E LINGÜÍSTICA. UNHA RELACIÓN QUE MELLORA

Se a xeografía sempre, ou case sempre, marxinou a lingua como variable de análise espacial, tamén a lingüística ignorou durante moito tempo a xeografía. Chama a atención que a nosa disciplina (a xeografía), tan receosa do seu contido e cunha continua desconfianza cara a outras ciencias, nunca se preocupase de que a lingüística se apropiase da palabra xeografía para darlle corpo a unha materia que non se cría precisamente propia da xeografía. O mesmo Breton, inicia a súa obra *Geografía de las lenguas* (1979), cun apartado titulado “A xeografía lingüística, tarefa do lingüista”. Na súa versión tradicional reducíase basicamente a unha análise *dialectolóxica* na que se salientaban as características da fala nun espacio, dándolle isto último o carácter de *xeográfico*, que aparecía reforzado coa realización de mapas nos que se cartografaban eses feitos lingüísticos.

Mentres tanto, a xeografía centrábase máis ben no que se podía denominar xeografía das linguas (rama da xeografía humana, segundo Breton), e que tiña como tema central a repartición das linguas no mundo. Como xa temos sinalado, nestes casos a lingua aparece como un fenómeno cultural máis (igual ca relixión, por exemplo) que serve para caracterizar as paisaxes culturais ou para argumentar explicacións relacionadas coa xeografía política. Tanto se a orientación era esta como se era a sinalada no parágrafo anterior, a interacción entre xeografía e lingüística era realmente pobre no sentido de que, por unha banda, o espacio era concibido dende unha perspectiva estática na que interesa, sobre todo, o visible e, pola outra banda, a lingua aparecía como un sistema escasamente dinámico formado por subsistemas que actuaban de xeito illado.

Os importantes avances que coñeceu tanto a lingüística como a xeografía humana a partir dos anos 1970 deron lugar a un achegamento de ambas as disciplinas que acadan a súa máxima proximidade na xeolingüística, que se desenvolve fundamentalmente a partir da década seguinte. Este punto de encontro entre a lingüística e a xeografía humana supón un proxecto interdisciplinario no que a xeografía achega o seu concepto de espacio humanizado no que teñen lugar os diversos fenómenos sociais, en tanto que a lingüística, a través da sociolingüística e da dialectoloxía, absorbe esa dimensión humana e social do espacio para explicar os diferentes comportamentos da poboación a respecto da lingua.

O resultado que deu esta esperada voda foi unha rica, aínda que escasa, produción científica que é base para un coñecemento máis profundo da realidade sociolingüística e da influencia do espacio sobre o ser humano. Neste sentido resulta de grande interese poder ler a lingüistas como Grassi escribindo artigos nos que trata de aclarar o termo espacio (1981), afastándose da visión tradicional, ou relacionando a dialectoloxía cun termo tan xeográfico como é o de ordenación do territorio (1976). É igualmente sorprendente o estudio de Preston (1989) quen incorpora ó seu estudio sociolingüístico unha visión perceptiva utilizando, xa que logo, o espacio mental. E, por suposto, non podemos esquecer a figura de Trudgill que tanto contribuíu ó desenvolvemento da xeolingüística moderna.

Pola súa parte, a xeografía tamén fixo as súas achegas. A obra de Breton *Geografía de las lenguas* (1979) foi durante moito tempo a única referencia en forma de libro que tiñamos dende a xeografía das posibilidades de colaboración entre ambas as disciplinas, aínda a pesar de que mantén moitas características tradicionais. Así, por exemplo, conserva a nidia separación entre xeografía das linguas e xeografía lingüística, ó tempo que dedica unha boa parte do traballo a describir a distribución das linguas no mundo. En calquera caso, trátase dunha primeira achega moi significativa que contou, ademais, coa vantaxe de aparecer publicada nunha colección (Que sais-je? –¿Que sei?–) de gran difusión tanto en Francia como en España.

Sen embargo foi a xeografía anglosaxona, moito máis renovada nos seus métodos e conceptos, a que máis contribuíu pola parte da xeografía ó achegamento á lingüística. Como parece obvio pensar, o principal da produción científica neste campo ten a súa orixe naqueles territorios onde existen conflitos lingüísticos que é onde mellor se poden ver e analizar a relación entre lingua, sociedade e espacio. Así ocorre en Canadá ou no Reino Unido. De todos os xeitos, non sempre sucede así e o exemplo máis claro témolo en Galicia onde, como xa veremos, este tipo de estudos seguen aínda practicamente inéditos.

Quizais o autor máis representativo, por parte da xeografía, desta xeolingüística sexa Williams, quen partindo do campo da xeografía política a través do estudio da lingua e do nacionalismo galés, desemboca nunha perspectiva moito máis social, aínda que sen esquecer a importancia política que en todo momento une territorio e lingua. Williams sinala que a xeolingüística é, en esencia, unha rama da xeografía humana que reflicte a crecente preocupación da lingüística polos problemas sociais. O título da súa obra *Language in geographic context* (1988) parécenos suficientemente representativo das súas ideas ó respecto da relación entre lingua e xeografía. E do seu contido sen dúbida merece que destaquemos o esforzo nas achegas metodolóxicas que, sendo sempre de valor, aumentan de importancia cando unha materia se está a conformar e aspira a ser disciplina científica. Nun segundo libro, complementario do anterior *Linguistic minorities, society and territory* (1991), os diferentes colaboradores detéñense en casos concretos que serven para exemplificar os vínculos entre xeografía e lingua.

Existen outros varios xeógrafos, igual que lingüistas, que nos últimos anos centraron as súas investigacións na perspectiva da xeolingüística. Nalgúns casos trátase de pequenas incursións fóra do ámbito habitual de traballo pero noutras ocasións hai un desexo explícito por orientar os estudos de forma prioritaria cara a ese campo. É certo que de momento unicamente Williams e Breton se poden adscribir a esta tendencia aínda que xa se poden empezar a citar outros nomes tal é o caso do sudafricano Van Der Merwe, de Racine ou de Castonguay. Por outra banda, consideramos de moita importancia o feito de que figuras representativas da xeografía fixeran achegas ó tema da xeografía e a lingua, como Tuan ou Zelinsky. A pesar de todo é unha evolución bastante lenta sobre todo en canto a penetración en certos países moito máis pechados á influencias foráneas.

En Galicia os estudos de lingüística galega teñen feito nos últimos decenios, particularmente dende o de 1970, achegas de gran valor. Sen embargo, no aspecto que agora nos interesa, hai unha clara ignorancia da xeografía humana e dos seus contidos. Trátase de obras de xeografía lingüística nas que se indican as particularidades das falas de diferentes concellos e comarcas de Galicia. Autores como Enríquez (1976), Porto (1977) ou Taboada (1979) son só algúns exemplos dunha longa lista de investigadores que fixeron traballos dialectais neste sentido e para os que a xeografía se limitaba a un par de detalles relacionados a maior parte das veces coa localización e, como moito, co medio físico.

A evolución rexistrada tamén nesta ciencia levou a un notable enriquecemento nos conceptos. O *Atlas Lingüístico Galego* supón un paso adiante sobre todo en canto á representación cartográfica posto que os contidos son os propios dese tipo de atlas. Moito máis interesante para nós resulta o Mapa Sociolingüístico de Galicia (Fernández e Rodríguez 1994 e 1995) no que se ofrece unha abundante información de carácter sociolingüístico ó respecto da competencia e dos usos do galego. Nesta obra o espacio si que é considerado como unha variable a ter en conta o que se reflicte nos numerosos mapas e na diferenciación entre os distintos hábitats. Sen embargo, aparece como un elemento máis, nin moito menos o principal, conservando, en certa medida, a súa vertente estática. De todos os xeitos, é unha evolución moi importante e constitúe unha base inestimable para profundar no coñecemento do uso do galego e para futuras investigacións na liña da xeolingüística..

Este lento pero progresivo achegamento que se está a dar en Galicia entre a lingüística e a xeografía humana vai recollendo os seus primeiros froitos. O traballo de Valcárcel (1997) sobre a Ribeira Sacra no que relaciona a dinámica nos usos lingüísticos coa evolución demográfica e económica desa comarca é unha importante novidade nesta aproximación. Pola parte da xeografía debemos citar, ademais deste traballo, a actual preparación dun libro (Pazo e Santos) sobre a cidade de Pontevedra que por primeira vez inclúe un capítulo de xeolingüística. Confiemos en que a colaboración non remate aquí. Ademais a existencia dun número crecente de fontes que facilitan a investigación, sen dúbida, contribuirá na multiplicación dos estudos.

A xeografía política

Tradicionalmente un dos focos de atención cara a lingua por parte da xeografía veu pola banda da xeografía política. Esta é unha das ramas máis interesantes, complexas e polémicas da xeografía humana. Segundo afirma Taylor (1994), dende a súa posición materialista, esta subdisciplina non existe como tal senón que hai que inscribila na óptica máis ampla da economía política, formando parte, pois, do estudio da estrutura global da sociedade e da economía; o enfoque sería unidisciplinario e dentro desta perspectiva holística convivirían a xeografía e a lingüística, entre outras ciencias, achegando cada unha o seu coñecemento. Polo tanto, temos que xa na súa propia concepción habería unha estreita colaboración entre ambas as disciplinas. É máis, se nos remontamos ás orixes da xeografía política vemos que Ratzel (que foi o primeiro xeógrafo que interrelacionou os procesos que ligan os fenómenos políticos e territoriais), consideraba a lingua como un dos trazos que conforman ás sociedades humanas, aínda que iso non significa, en absoluto, un apoio nas teorías da lingüística.

Mesmo dentro da corrente rexional-paisaxística e nunhas datas (1948) en que a xeografía política estaba en plena crise, Sorre dedica un apartado do seu libro *Les fondements de la géographie humaine* ás relacións entre xeografía política e xeografía lingüística, salientando os moitos puntos en común que unen as dúas disciplinas. Para el, feitos como as desigualdades na difusión das linguas, a desaparición dalgunhas delas ou a expansión doutras, poden ser obxecto de estudio tanto da xeografía lingüística como da política. Por outra banda, considera que nación e estado son dous termos que teñen unha forte carga xeográfica e lingüística, afirmando que “o mapa político de Europa non é un calco do seu mapa lingüístico” (31) posto que nun estado poden convivir varias linguas igual que nacionalidades distintas poden compartir unha mesma área lingüística.

En realidade, o tema do nacionalismo foi o que máis achegou a lingua á xeografía política posto que aquela considérase un dos principais elementos que definen un pobo, aínda que non é determinante na xustificación do nacionalismo. Así, por exemplo, Taylor (1994) constata como nalgúns plebiscitos por conflitos territoriais celebrados en Europa a principios do século XX comunidades falantes dun idioma votaban integrarse nun estado con outra lingua, o que levou a afirmar que “as políticas estatais orientadas a determinar a nación, que se aplicaran no pasado nestas provincias, deron resultado e tiveron máis peso que o *status* lingüístico” (195); en calquera caso, sería interesante coñecer as características sociopolíticas dos falantes. Pero fóra destas situacións máis ou menos democráticas, Taylor insiste, sobre todo, na utilización da variable lingua para que os estados se autoasignen territorios pola forza, criterio do que se bota man tamén noutras reparticións con máis consenso (e.g. Tratado de Versailles, 1919). Sen embargo, para el o problema que quedaría por resolver é o de definir as linguas nacionais e a súa distribución posto que ambos poden ser manipulados: os mapas lingüísticos que elabo-

rou o xeógrafo Cvijic entre 1906 e 1919 serviron de base para lexitimar as reclamacións serbias (e máis tarde iugoslavas) sobre a Macedonia búlgara.

Nunha liña similar á anterior, Sanguin (1981) opina que a lingua é un elemento fundamental para identificar un pobo afectando ó pensamento e á acción; sen embargo non dá necesariamente homoxeneidade ó igual que un Estado plurilingüe pode estar moi unido. Para Blij (1973) a lingua xoga un papel moi importante na construción dunha nación, considerando pouco afortunados aqueles estados que non teñen unha unidade idiomática porque é un foco de tensión entre os seus habitantes. Neste mesmo sentido, Sánchez (1992) indica que a incoherencia entre os límites das fronteiras políticas e os límites territoriais das culturas é fonte de conflitos potenciais, que terán unha intensidade variable segundo a incompatibilidade histórica das distintas sociedades que comparten ese espacio. Este autor remítenos á idea de que o nacionalismo “pon a énfase nos aspectos sociais e individuais na súa vertente ideolóxica, cultural e lingüística e contrástaos cos límites territoriais sobre os que estende a homoxeneidade cultural” (96); segundo Sánchez, o nacemento do mundo moderno (no occidente europeo) deriva dun proceso de diferenciación lingüística no que o abandono do latín e a caída do imperio romano dá paso a unha personalización de novas unidades político-territoriais que irán engadindo co tempo máis elementos de homoxeneización.

Painter (1995) ofrece no seu estudio de xeografía política outra visión que, aínda que non é nova, si resulta interesante. Recupera a vella preocupación pola toponimia, pero neste caso para explicar a súa utilización polo colonialismo europeo: poñerlles etiquetas ós lugares, ás paraxes, servía como acto de posesión. Lembremos que tamén Tuan (1991), aínda que dende unha perspectiva ben diferente, sinalou a importancia de poñer nome ós lugares. E máis recentemente Azaryahu (1996) detense na significación política e cultural que ten o simple feito de poñerlle nomes ás rúas.

Como vemos, pois, a lingua é un tema constantemente recorrido por parte da xeografía política, especialmente en canto á constitución dos nacionalismos: recollendo a idea de Herder, citado por Nadal (1990), “a lingua, a máxima creación cultural dos homes (*i.e. seres humanos*), é o reflexo do espírito nacional de cada pobo” (10). Mesmo a revista *Hérodote* (unha das máis significativas no tratamento desta rama da xeografía) dedicoulle un número titulado *Xeopolítica das linguas* onde se analizaban diferentes casos relativos, sobre todo, a países do Terceiro Mundo. Poderían poñerse moitos máis exemplos que inclúen tamén o Estado español: Anderson (1990) estudia o País Vasco e a súa destrución cultural durante o réxime de Franco, García Ramón e Nogué (1994) escriben sobre a xeografía e o nacionalismo catalán... Desgraciadamente nada hai escrito sobre Galicia, polo menos dende esta perspectiva.

A xeografía cultural

A xeografía cultural foi a outra grande rama da xeografía humana que tivo moi presente a lingua á hora de explicar os diferentes procesos espaciais. De todos os xeitos, na súa versión tradicional, é dicir, a derivada das ideas de Sauer e da Escola de Berkeley, o

centro da análise estaba na cultura material de maneira que durante moito tempo nos Estados Unidos xeografía cultural foi sinónimo de xeografía humana. Polo tanto, a lingua foi un elemento pouco utilizado aínda que non esquecido posto que se consideraba un indicador na formación de grupos culturais. En calquera caso, a grande importancia que tivo a figura de Sauer e o elevado número de discípulos que tivo fixo moi difícil unha revisión e renovación da xeografía cultural.

Foi a partir dos anos 1970 coa incorporación sobre todo da corrente humanística cando se produciu unha verdadeira renovación da xeografía cultural que derivou nunha converxencia coa xeografía social. Nesta nova etapa si que xa hai un interese explícito por aspectos inmateriais da cultura que afectan ós grupos sociais na súa organización do espacio, e a lingua, xa que logo, vai obter un novo protagonismo que lle fora negado ata entón. Claro síntoma desta tendencia é que no novo plano de estudos da licenciatura de xeografía da Universidade de Barcelona aparece unha materia optativa denominada “xeografía cultural” e que ten como contido destacado as relacións ente espacio e lingua. Sen dúbida, este é un bo antecedente e un aliciente para desenvolver investigacións nesa dirección.

Parécenos moi significativo que un dos máximos representantes da xeografía cultural nesta nova etapa, Jackson, lle dedique un capítulo enteiro á lingua na que é unha das súas obras máis representativas *Maps of meaning* (1989). No seu contido critica a xeografía cultural por ter ignorado a evolución das teorías lingüísticas e por ter ficado unicamente nas variacións e na distribución da lingua no espacio. Para el “A revitalizada xeografía cultural deberá explorar o modo no que a lingua reflicte e reforza as fronteiras sociais” (169). Insiste constantemente en que a lingua é un feito social con manifestas consecuencias espaciais: os dialectos, por exemplo, non evidencian tanto unha diferenza lingüística como política. Ademais o uso da lingua está estreitamente vinculado ó xénero, á clase ou á idade das persoas, e tamén varía a súa utilización segundo o contexto social. Como se pode observar, é unha achega innovadora da xeografía que está moi preto da sociolingüística; de feito Jackson cita constantemente a Trudgill. Estamos, aínda que o autor non o diga, nunha proposta xeolingüística.

Aínda que as dúas citadas foron, e son, as ramas da xeografía humana que máis tiveron en conta a lingua nas súas análises, non hai que esquecer que o importante desenvolvemento que nas últimas décadas tivo a xeografía, xunto coa lingüística, fixo que o achegamento fora maior e máis amplo, malia que segue a ser cativo. Independentemente da preocupación pola linguaxe que amosa o humanismo e o posmodernismo, a lingua na súa relación co espacio é obxecto de estudo fundamentalmente alí onde o conflito lingüístico aparece de xeito máis claro.

A SITUACIÓN EN GALICIA

Desgraciadamente, e a pesar de ser un campo de traballo de grande atractivo, moi pouco se ten evolucionado en España na colaboración entre xeografía e lingüística, e as esca-

sas achegas existentes son con moita frecuencia feitas por investigadores foráneos. Aínda peor é a situación de Galicia; como xa vimos, a pesar da grande importancia que ten a lingüística, e mesmo a sociolingüística, no noso país os contactos coa xeografía humana son extremadamente tímidos, o que ten impedido dar o paso necesario para desenvolver o campo da xeolingüística e incorporar unha perspectiva de estudio, sen dúbida, necesaria e fructífera.

Pola súa parte a xeografía humana galega, relativamente feble, non foi quen de abordar toda unha serie de cuestións que son fundamentais para termos un coñecemento máis profundo da realidade socioespacial de Galicia. Así, por exemplo, a xeografía política é un campo claramente marxinado, de xeito especial todo o que ten que ver co nacionalismo que nin sequera tivo un tratamento secundario por parte da xeografía galega (ou por calquera outra); tal carencia supón que a lingua tampouco foi considerada.

Por outra banda, a xeografía cultural e social está, igualmente, moi pouco desenvolvida en Galicia. Existen abundantes estudos poboacionais, algúns referidos a ensino e sanidade, outros sobre a parroquia, e tamén podemos atopar investigacións de xeografía da percepción ó respecto das cidades. Sen embargo, en ningún caso a lingua é considerada unha variable significativa con consecuencias espaciais. Podemos falar, en definitiva, dunha total marxinação por parte da xeografía galega do seu idioma como obxecto de análise; isto significa que aínda non nos temos decatado da súa importancia na organización do espazo. A gravidade desta afirmación parece obvia se comparamos as rápidas transformacións espaciais, ademais de sociais e económicas, que coñeceu Galicia nos últimos decenios coa progresiva perda do galego como lingua habitual de moitos falantes. Evidentemente, son dous feitos paralelos e relacionados que debían ser abordados de maneira conxunta por lingüistas e xeógrafos.

Podríamos pensar que a grande influencia que tivo, e ten, a escola rexional francesa, representada por Miralbés e Torres (ambas as dúas procedentes de Zaragoza e cunha longa traxectoria en Santiago) é unha boa escusa para xustificar a ausencia deste tipo de relacións. Mesmo a estigmatización do galego no seu uso cotián podería ser outro argumento a utilizar ata principios dos anos 1980. Sen embargo, os cambios políticos e sociais, as crecentes achegas da lingüística e a profunda renovación da xeografía galega, deberían ter sido estímulos máis que suficientes para incorporar a lingua á análise xeográfica. Unha obra xa clásica *Xeografía Humana* (1988) e un dos autores que máis teñen contribuíndo a este cambio na xeografía galega, Souto, a pesar de que considera o espazo un resultado das relacións sociais e de que “os grupos sociais son portadores de funcións vitais e de procesos conformadores de espazo” (12), non lle presta atención ningunha á lingua, como se esta non fose unha función vital con repercusións espaciais. No mellor dos casos temos que no primeiro Atlas de Galicia (1982) que se publicou aparecen dous pequenos mapas representando un os bloques e as áreas lingüísticas de Galicia, e o outro a distribución de diferentes isoglosas. Esta información, por certo, desaparece de atlas posteriores, como o editado por Nigra en 1994.

Máis recentemente O’Flanagan (1996) nunha desas escasas obras de xeografía histórica fai un estudio sobre a evolución e os alicerces da paisaxe galega incluíndo tamén e sobre todo aspectos culturais. Cómpre salientar que o autor irlandés destaca en todo momento os importantes cambios que tiveron lugar en Galicia, tanto no referente á urbanización como ós procesos de industrialización e ás transformacións no campo, e sempre poñéndoo en relación co que acontecía na periferia atlántica. Sen embargo, a lingua como fenómeno cultural que se viu profundamente afectada por todas estas mutacións é, novamente, silenciada. Unicamente unhas poucas liñas (complementadas co mapa dialectal de Fernández Rei) para resaltar a importancia que ten como “pedra angular da expresión cultural dun pobo” (64).

Previo ó que poderíamos chamar moderna xeografía galega, desenvolvida a partir dos anos 1960 co seu asentamento definitivo na Universidade de Santiago, houbo algúns xeógrafos que exerceron como tales aínda que máis ben habería que consideralos como intelectuais no senso máis amplo da palabra. Sen dúbida o máis destacado foi Otero Pedrayo, *xeógrafo poeta*, que xa con máis de sesenta anos conseguiu co inicio da década de 1950 a primeira cátedra de xeografía da Universidade Compostelá. A súa obra xeográfica, desenvolvida fundamentalmente nos anos 1920, é dicir, en pleno auxe da corrente rexionalista, posúe un grande contido etnográfico e cultural. Nunha das súas obras xeográficas máis significativas *Paisajes y problemas geográficos de Galicia* (1928) ten un capítulo titulado “La interpretación artística del paisaje gallego” onde sinala que o pobo galego, ó igual que o resto dos celtas, está intimamente unido á paisaxe: “no folclore e no sentimento colectivo atópase un fondo sentido xeográfico” (51); a lingua galega, a través da literatura, é capaz de expresar esa relación coa paisaxe. Noutra obra importante, aínda que máis descritiva, a parte de xeografía da *Historia de Galiza* (1979), ó se referir ós límites administrativos do país evidencia que estes en absoluto coinciden cos da lingua, sinalando que ningunha fronteira política é natural.

Outro autor que tamén ocupou como docente de xeografía as aulas da Universidade de Santiago foi Fraguas. Na súa *Geografía de Galicia* (1953) dedica unha pequena sección á lingua na que, a pesar da súa sinxeleza, sinala xa a importancia que teñen os emigrantes retornados sobre a dinámica lingüística. Como se pode ver, son achegas pequenas pero que, en calquera caso, non se volveron repetir. O feito de que tivesen unha visión nacionalista de Galicia sen dúbida influíu na consideración da lingua, aínda que o texto fora xeográfico.

Volvendo de novo á actualidade, unha das ramas que máis desenvolveu a xeografía humana galega foi a da poboación. Existe unha cantidade bastante importante de estudos nos que se analiza dende a distribución dos efectivos demográficos ata as características estruturais da poboación. Pero é a emigración o tema que con máis frecuencia foi tratado polos xeodemógrafos galegos, referida tanto á exterior como á interior. Sen dubidar en absoluto da calidade de moitas destas investigacións, resulta necesario lamentarse do esquecemento que en todos estes traballos se lle deu a lingua: ás consecuencias que a dinámica demográfica tiña sobre o uso da lingua.

Como ben se ten posto de manifesto en Galicia houbo un importante proceso migratorio que baleirou o medio rural de persoas novas. Esta emigración que nun primeiro momento foi cara a América, virou logo en dirección a Europa, ás áreas industrializadas de España e ás cidades do litoral galego; estes movementos máis recentes foron con frecuencia de ida e volta, e supuñan para os emigrantes, entre outras cousas, un cambio nos hábitos lingüísticos. Igualmente o avellentamento do campo representa un perigo para a continuidade no uso da lingua habitual que vai esmorecendo ó mesmo ritmo que o fan os seus habitantes. Son, pois, moitos os puntos de contacto que se poderían establecer e que obrigan a unha estreita colaboración entre a xeografía e a lingüística. Ademais a existencia dunhas boas fontes demográficas e dunha valiosa información sociolingüística, procedente de diversas publicacións, facilitan este labor de achegamento.

A xeografía urbana é outra das ramas da nosa disciplina que máis ten evolucionado en Galicia nos últimos anos. O tema central sobre o que xiran as investigacións está na consolidación dunha xerarquía urbana galega na que as pequenas vilas xogan un importante papel. Ademais tamén hai interese polo estudio de diversos aspectos de cada unha das cidades e vilas do país: funcións, morfoloxía, evolución. Nestas análises ponse de manifesto que os núcleos urbanos medran gracias ós aportes humanos do rural, que organizan un territorio moito máis amplo que o que ocupan fisicamente e que na súa continua expansión invaden constantemente espazos rurais ós que transforman.

En todos estes estudos a lingua aparece de novo excluída. Sen embargo, son moitas as oportunidades que temos para recorrer a ela e explicar unha parte do espazo social que ocorre na cidade. Por exemplo, Precedo nas súas monografías sobre as cidades galegas ofrece unha valiosísima información que se traduce na evolución do fenómeno urbano en cada un dos espazos analizados, a influencia sobre a área metropolitana ou urbana, ou o reparto das actividades económicas. Sen embargo o que resulta de interese principal para o noso caso é a cartografía referente á localización dos inmigrantes dentro da cidade, ó grao de avellentamento por sectores ou a que representa as áreas sociais, entre outras. A partir destes datos, claramente infravalorados, complementado cun estudio de carácter lingüístico, poderíanse tirar conclusións que nos axuden a comprender aínda mellor a situación real do galego nas cidades. Desgraciadamente non se fixo así, aínda que a información está aí para que sexa utilizada e poder obter dela un maior rendemento.

Noutras obras de xeografía urbana referentes a cidades e vilas de Galicia ofrécesenos, igualmente, unha información moi valiosa que nos pode servir para realizar análises xeolingüísticas toda vez que os seus autores excluíron este capítulo. Así, por exemplo, Rodríguez (1994) indica as características sociais dos inmigrantes de Lalín e explica o proceso de perda da actividade agraria e avance da industria e dos servicios. Pola súa banda, Ferrás (1993) detense na dinámica industrializadora de Fene e todos os cambios que supuxo en canto a chegada de man de obra e substitución da agricultura. So-moza (1996) investiga sobre o barrio das Lagoas en Ourense ofrecéndonos datos da

estructura profesional e unha interesante visión perceptiva e humanista (cada vez máis común nestes estudos de xeografía urbana). Finalmente, Lois e Pérez (1992) dirixen un estudo sobre Ferrol no que tamén se esmigalla a evolución da cidade, poñendo as bases para levar adiante un apartado no que se teña en conta a dinámica no uso do galego como un fenómeno moi vencellado ó propio desenvolvemento urbano.

Por último, e xa no plano teórico, quixera facer referencia a un artigo de Lois (1996) no que refire as novas formas de urbanización en Galicia e que é dabondo clarificador. Este autor fala da crise das cidades en tanto que empezan a se desenvolver os procesos de urbanización difusa e continúan a medrar de xeito importante as vilas e, sobre todo, os concellos veciños ás cidades. Parece importante destacar a particular cultura da urbanización que dominou en Galicia durante varias décadas “pola cal a adquisición dun piso de modestas dimensións constituía o mellor camiño para converterse en cidadán de pleno dereito, ou o que era o mesmo, habitante dun núcleo que se percibía como máis moderno e con maiores vantaxes que a entidade rural de orixe” (473); a calidade de vida nas cidades era admitida como mellor. Como se pode observar, esta idea está intimamente relacionada cun cambio nos hábitos lingüísticos de maneira que un medio social máis *prestixioso* adoita demandar o uso dunha lingua máis *prestixiosa*, é dicir o castelán.

De todas formas, Lois tamén sinala que xa se empezan a detectar algúns procesos de avellentamento nos barrios residencias das cidades que xurdiran durante a época expansiva dos anos 1960 e 1970, ¿podería significar isto un avellentamento tamén dos castelanfalantes e a entrada nun ciclo expansivo do galego? Desgraciadamente non parece ser así posto que a xente nova das urbes, que ou ben é monolingüe castelán ou bilingüe con predominio do castelán, é a que foxe das cidades cara ó campo gracias ó aumento da mobilidade e unha maior valorización do medio rural (unido á carestía de vida nas cidades), desvirtuando as características do mesmo e impoñendo o seu modo de vida. Se o mundo rural máis afastado coñece o retroceso do galego pola vía da morte dos seus falantes, no máis dinámico e próximo ás cidades é a invasión do habitante urbano o que provoca o seu retroceso. Esta periurbanización, e incluso a contraurbanización, son procesos expansivos na actualidade e que han de ter unha influencia decisiva na transformación dos espazos rurais.

Como se pode ver, a xeografía urbana ten moito que achegar e que dicir en relación coa lingüística, sendo moi recomendables as colaboracións entre uns e outros profesionais. A xeografía en Galicia ten ofrecido informacións moi valiosas sobre diversos espazos pero en ningún caso se tivo en conta a lingua. Sería realmente interesante avanzar por este camiño e chegar a facer estudos como o de Van Der Merwe (1996) para Cidade do Cabo; este autor analiza a inmigración europea e como grupos lingüísticos vencellados a ela teñen unha particular distribución espacial dentro da cidade; ademais estudia as súas pautas de cambio lingüístico, o seu perfil social e o marco político e institucional asociado con estas linguas. Na outra cara da moeda, algúns lingüistas téñense ocupado da cidade como ámbito principal das relacións sociais no mundo contemporáneo (Ruffino, 1991).

Outras moitas ramas da xeografía humana tamén poden facer achegas de gran valor no coñecemento da realidade socioespacial da lingua galega e, xa que logo, contribuír na planificación lingüística. Por exemplo, en relación cos servizos, a distribución dos centros escolares pode servir para explicar o desarraigo da poboación máis nova con respecto ó seu medio cultural orixinal. Ou as consecuencias que teñen sobre o espazo rural as novas pautas de localización industrial. Igualmente, a xeografía dos transportes ten un papel destacado xa que a accesibilidade e a mobilidade son dúas cuestións que poden modificar substancialmente os hábitos lingüísticos das poboacións.

A xeografía económica no seu conxunto é tamén outra rama que debe ser importante nas análises xeolingüísticas, sobre todo se temos en conta a idea exposta por Keane, Griffith e Dunn (1993) segundo a que o mantemento de áreas culturais está intimamente conectado coa súa capacidade para sobrevivir en termos económicos; e así o exemplifican co gaélico en Irlanda. Estes autores sinalan que a lingua a penas é considerada cando se efectúa unha planificación rexional ou local. Sen embargo, tamén é certo que dentro das políticas da Unión Europea entra cada vez máis en xogo a revalorización da cultura e da economía tradicional a través de diferentes programas de desenvolvemento endóxeno (Leader, Proder, etc.). Estamos, polo tanto, ante unha inmillorable oportunidade de empezar a considerar a lingua como un elemento importante na planificación das economías locais. Desgraciadamente, ata o momento os proxectos levados adiante en Galicia, especialmente os Leader, non albiscaron esa posibilidade e incluso poderíamos falar de efectos negativos toda vez que moitos dos grupos de acción local responsables deses programas están altamente castelanizados atopándose moi lonxe do ideal de desenvolvemento autocentrado.

En definitiva, e xa para rematar, só queremos insistir unha vez máis na escasa colaboración que tradicionalmente houbo entre a xeografía humana e a lingüística. Colaboración que, por outra parte e como vimos ó longo destas páxinas, é recomendable e necesaria. Confiemos que nos próximos anos a xeografía sexa tida en conta á hora de profundar no coñecemento da realidade do galego ó mesmo tempo que a lingua debe ser considerada como un elemento importante na análise do espacio¹.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDERSON, J. (1990): "Separatism and devolution: the Basques in Spain". En Chisholm, M. e Smith, D. (eds.): *Shared space, divided space*. Londres: Unwin Hyman, 135-56
- ATLAS DE GALICIA (1982). Santiago de Compostela: Sálvora.
- ATLAS DE GALICIA (1994). Vigo: Nigra.
- AZARYAHU, M. (1996): "The power of commemorative street names", *Environment and Planning D: Society and Space* 14 (3), 311-30.
- BAILLY, A. e BEGUIN, H. (1992): *Introducción a la geografía humana*. Barcelona: Masson.

¹ As citas de obras referidas no texto que non estaban en galego foron traducidas a esta lingua.

- BLIJ, H. (1973): *Systematic political geography*. Nova York: Wiley & sons (2ª ed.).
- BRETON, R. (1979): *Geografía de las lenguas*. Barcelona: Oikos Tau.
- CAPEL, H. (1981): *Filosofía y ciencia en la geografía contemporánea*. Barcelona: Barcanova.
- CAPEL, H. (1987): *Geografía humana y ciencias sociales*. Barcelona: Montesinos.
- CASTONGUAY, C. (1989): “Les transferts linguistiques dans l’Outaouais”, *Cahiers de Géographie du Québec* 33, 241-52.
- CHISHOLM, M. e SMITH, D. (eds.), (1990): *Shared space, divided space*. Londres: Unwin Hyman.
- CLOKE, P., PHILO, C. e SADLER, D. (1991): *Approaching human geography*. Londres: Chapman.
- COSCUELA, A. (1994): “Darreda els postmodernistes, o les geografies culturals del capitalisme tardà”, *Documents d’Anàlisi Geogràfica* 24, 13-58.
- DERRUAU, M. (1983): *Geografía Humana*. Barcelona: Vicens.
- DICCIONARIO DE GEOGRAFÍA (1986). Madrid: Anaya.
- DICCIONARIO DE GEOGRAFÍA HUMANA (1987). Madrid: Alianza.
- ENRÍQUEZ, C. (1976): “Fonética y fonología del gallego de O Grove”, *Verba* 3, 128-60.
- FERNÁNDEZ, F. (1991): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais (2ª ed.).
- FERNÁNDEZ, M. e RODRÍGUEZ, M. (coords.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. [A Coruña]: Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega.
- FERNÁNDEZ, M. e RODRÍGUEZ, M. (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do II volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. [A Coruña]: Seminario de Sociolingüística. Real Academia Galega.
- FERRÁS, C. (1993): *Desenvolvemento urbanístico e económico de Fene*. Santiago de Compostela: Universidade e Concello de Fene.
- FRAGUAS, A. (1953): *Geografía de Galicia*. Santiago de Compostela: Porto.
- GARCÍA RAMÓN, D. e NOGUÉ, J. (1994): “Nationalism and geography in Catalonia”. En Hooson, D. (Ed.): *Geography and national identity*. Oxford: Blackwell, 197-211.
- GÉOPOLITIQUE DES LANGUES (1986). Monográfico da revista *Hérodote*, nº42.
- GOUROU, P. (1984): *Introducción a la geografía humana*. Madrid: Alianza (3ª ed.).
- GRASSI, C. (1976): “Dialectologie et aménagement du territoire”. En *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, tomo 2, Québec, 391-7.
- GRASSI, C. (1981): “Il concetto di spazio e la geografia linguistica”. En *Logos Semantikos, Studia Linguistica in Honorem E. Coseriu*. Madrid: Gredos, tomo 5, 59-69.
- HAGGETT, P. (1988): *Geografía. Una síntesis moderna*. Barcelona: Omega.
- HOOSON, D. (ed.), (1994): *Geography and national identity*. Oxford: Blackwell.
- JACKSON, P. (1989): *Maps of meaning*. Londres: Unwin Hyman.
- KEANE, M., GRIFFITH, K. e DUNN, J. (1993): “Regional development and language maintenance”, *Environment and Planning A* 25, 399-408.
- LIVINGSTONE, D. (1992): *The geographical tradition*. Oxford: Blackwell.
- LOIS, R. (1996): “As novas formas de urbanización”. En *Actas da Semana Galega da Historia*, Santiago de Compostela, 451-85.
- LOIS, R. e PÉREZ, A. (eds.), (1992): *Ferrol: xeografía dun espacio urbano*. Cuadernos Ateneo Ferrolán nº 8.
- MAIER, J. e outros (1987): *Geografía social*. Madrid: Rialp.
- MARSTON, S. (1989): “Ante el desafío postmoderno. La importancia del lenguaje para una geografía humana reconstruida”, *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles* 9, 49-62.
- NADAL, F. (1990): “Los nacionalismos y la geografía”, *Geocrítica* 86, 45 p.
- NINYOLES, R. (1991): *Estructura social e política lingüística*. Vigo: Ir Indo.
- O’FLANAGAN, P. (1996): *Xeografía histórica de Galicia*. Vigo: Xerais.
- OTERO, R. (1928): *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*. Madrid: Compañía Iberoamericana de Publicaciones.

- OTERO, R. (dir.), (1979): *Historia de Galiza*. Madrid: Akal (3 vols.).
- PAINTER, J. (1995): *Politics, geography and political geography*. Londres: Arnold.
- PAZO, A. e SANTOS, X. (coords.): *Pontevedra, xeografía social dun espazo urbano* (en preparación).
- PORTO, A. (1977): *El gallego hablado de la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba*.
- PRECEDO, A. (dir.), (1989): *Vigo, área metropolitana*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- PRECEDO, A. (1990): *La Coruña, metrópoli regional*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- PRECEDO, A. (1991): *Orense, centro de equilibrio*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- PRESTON, D. (1989): *Perceptual dialectology*. Dordrecht: Foris.
- PUYOL, R., ESTÉBANEZ, J. e MÉNDEZ, R. (1988): *Geografía humana*. Madrid: Cátedra.
- RACINE, J. (1994): "Langues et identitiés territoriales en Suisse: les leçons géographiques d'un vote historique ou la Suisse à l'heure du rideau de rösti", *Annales de Géographie* 576, 152-69.
- RATZEL, F. (1885): *Anthropogeographie öder Grundzüge der Erdkunde auf die Geschichte*. Ed. J. Engelhorn, Stuttgart.
- RODRÍGUEZ, R. (1994): *Lalin. Un proceso de urbanización e desenvolvemento*. Pontevedra: Deputación.
- ROTAETXE, K. (1988): *Sociolingüística*. Madrid: Síntesis.
- RUFFINO, G. (coord.), (1991): *Dialettologia urbana e analisi geolinguistica*. Palermo: Centro di Studi Filologici e Linguistici Siciliani.
- SÁNCHEZ, J. (1991): *Espacio, economía y sociedad*. Madrid: Siglo XXI.
- SÁNCHEZ, J. (1992): *Geografía política*. Madrid: Síntesis.
- SANGUIN, A. (1981): *Geografía política*. Barcelona: Oikos Tau.
- SOMOZA, J. (1996): *As Lagoas. Un estudio de xeografía urbana*. Ourense: Deputación e Consellería de Cultura.
- SORRE, M. (1948): *Les fondements de la géographie humaine*. París: Colin (4 tomos).
- SOUTO, X. (1988): *Xeografía humana*. Vigo: Galaxia.
- STEEL, R. (Ed.), (1987): *British geography, 1918-1945*. Cambridge: University Press.
- TABOADA, M. (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*.
- TAYLOR, P. (1994): *Geografía política*. Madrid: Trama.
- TORRES, P. (1971): *La Navarra húmeda del noroeste*. Madrid: CSIC.
- TRUDGILL, P. (1974): "Linguistic change and diffusion: description and explanation in sociolinguistic dialect geography", *Language in Society* 3 (2), 215-46.
- TRUDGILL, P. (1983): *On dialect. Social and geographical perspectives*. Oxford: Blackwell.
- TUAN, Y. (1991): "Language and the making of place: a narrative-descriptive approach", *Annals of the AAG* 81 (4), 684-95.
- VALCÁRCEL, C. (1997): "Crisis vitivinícola y dinámicas geolingüísticas en Galicia: El caso de la Ribeira Sacra". En *XVIII Jornadas de Viticultura y Enología de Tierra de Barros*, Almendralejo 1996.
- VAN DER MERWE, I. (1996): "Geolinguistics of european minority groups in Cape Town", *TESG* 87 (2), 147-60.
- VIDAL, P. (1922): *Principes de géographie humaine*. París: Colin.
- WARDHAUGH, R. (1992): *Introducción á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Universidade.
- WESSELS, C. e MANSVELT, J. (1994): "Accesibility and language characteristics in Catalonia", *TESG* 85 (2), 130-40.
- WILLIAMS, C. (ed.), (1988): *Language in geographic context*. Clevedon: Multilingual Matters.
- WILLIAMS, C. (ed.), (1991): *Linguistic minorities, society and territory*. Clevedon: Multilingual Matters.
- ZELINSKY, W. e WILLIAMS, C. (1988): "The mapping of language in North America and the British Isles", *Progress in Human Geography* 12 (3), 337-68.